155	ERRIFAI EL MSSAQUEB ABDELILAH	45954962L	6	CALZADO - CONFECCION
156	CASCALLAR CAMINO ROSA Mª	52472506F	6	CALZADO - CONFECCION
157	JIMENEZ JIMENEZ CONCEPCION	33292246E	6	CALZADO - CONFECCION
158	HERNANDEZ JIMENEZ MARIA PILAR	25168013X	6	CALZADO - CONFECCION
159	FERRERUELA JIMENEZ TANIA	49670103Q	3	CALZADO – CONFECCION
160	CERQUEIRO SOUTO BELEN	52471028R	9	CALZADO - CONFECCION
161	LOPEZ GARCIA JOSE MANUEL	32674655G	5	CALZADO - CONFECCION
169-168	FERNANDEZ FERNANDEZ ADAN	45909620X	8	CALZADO - CONFECCION
170	DOS SANTOS CONCEPCION MICAELA	52458500P	6	RESTO ACTIVIDADES
175	SALAZAR DIAZ AMELIA	33280403R	6	CALZADO - CONFECCION
176	FERRERUELA SALAZAR Mª TRANSITO	51270792C	3	CALZADO - CONFECCION
178	GONZALEZ PEREZ MANUEL	33193005A	7	CALZADO – CONFECCION
179-180	CAMACHO MONTEIRO MAIA ANIBAL	X0555598X	8	CALZADO - CONFECCION
182-181	GIMENEZ CAMACHO SHALIM	35638675Z	10	CALZADO – CONFECCION
183-184	GIMENEZ BORJA BEATRIZ	35462700N	9	CALZADO - CONFECCION
185-186	ROSILLO GARCIA DIEGO	33289715K	8	CALZADO – CONFECCION
187	JIMENEZ ROSILLO ABRAHAN	44827695M	5	CALZADO - CONFECCION
188	PAZOS RODRIGUEZ SERAFIN	44075225A	5	CALZADO - CONFECCION
189	FERNANDEZ FERNANDEZ JOSE LUIS	44807705W	4	CALZADO - CONFECCION
190	FERNANDEZ FERNANDEZ ANGEL	33275190D	4	CALZADO – CONFECCION



191	ROSILLO GIMENEZ FRANCISCO	34989326R	4	CALZADO-CONFECCION
192	ROSILLO JIMENEZ MIGUEL	45955222A	4	CALZADO-CONFECCION
194-193	FERRERUELA FERRERUELA DAVID	44848581F	8	CALZADO - CONFECCION
195	NAVARRO DUAL AMPARO	07875760P	4	CALZADO - CONFECCION
197 B	BRIANES DEL RIO MANUEL MARTIN	35444879Q	7	CALZADO - CONFECCION
199	FERNANDEZ FERNANDEZ RAMON	45871995J	5	CALZADO - CONFECCION
200	DAVILA CASTRO ELIAS JOSE	33269488B	6	CALZADO - CONFECCION
202-201	FERNANDEZ GIMENEZ LUZ	45847549Q	10	CALZADO - CONFECCION
203-204	MONTEIRO SIMOES Mª LEONILDE	X2256350G	10	CALZADO - CONFECCION
205	JIMENEZ SANTOS CRISTIAN	54224399J	5	CALZADO - CONFECCION
206	NDONGO SECK EL HADJI	Y1878099W	10	CALZADO - CONFECCION
207 A	FERNANDEZ JIMENEZ JOSE LUIS	33299347Q	5	CALZADO - CONFECCION
209-208	DIAZ SEOANA FERNANDO	32763702H	9	CALZADO - CONFECCION
210	LAMHADOUAL YASSINE	X3782529H	5	RESTO ACTIVIDADES
211	AMINA ERRIFALBIAD	49674878F	6	RESTO ACTIVIDADES
212	PESQUEIRA DIAZ OTONIEL	77407257K	6	CALZADO - CONFECCION
213	GIMENEZ MONTEIRO Mª BASILIA	32831430B	6	CALZADO - CONFECCION
214	FERNANDEZ BARRUL VICTORIA	45958726B	5	CALZADO - CONFECCION
215	CABREIRA CAMACHO DOMINGOS	X0555577N	5	CALZADO - CONFECCION
216	FERRERUELA RABANO JOSE ENRIQUE	11973570T	6	CALZADO - CONFECCION
217	RABANO DOMINGUEZ Mª BLANCA	11684994M	6	CALZADO - CONFECCION
218-219	CAMACHO JIMENEZ ENRIQUE	33300735R	10	CALZADO - CONFECCION
220-219	FERNANDEZ FERNANDEZ ENRIQUE	11720640R	5	CALZADO - CONFECCION
221	REY OTERO BEATRIZ	76821662Y	6	CALZADO - CONFECCION
222	MARTINEZ RODRIGUEZ NURIA	76907917B	6	CALZADO - CONFECCION
223-224	PEREZ PINTOS OSCAR	77400188J	12	CALZADO - CONFECCION
225	QUIROGA FERNANDEZ ANA BELEN	53111538F	6	CALZADO - CONFECCION
226-226A	BORJA ROSILLO JORGE	53111080D	10	CALZADO - CONFECCION
227	FERNANDEZ NAVARRO ENRIQUE	45872889X	6	CALZADO - CONFECCION
228	BERMUDEZ MOTOS JOSE DIEGO	77403444A	6	CALZADO - CONFECCION
229-230	ENRIQUEZ GIRALDEZ JOSE	76933651P	12	CALZADO - CONFECCION
231	ENRIQUEZ GIRALDEZ SIRO	76933661H	6	CALZADO - CONFECCION
232	CAMACHO MONTEIRO MAIA PILAR	X0555595F	6	CALZADO - CONFECCION
233-234	IGLESIAS BLANCO Mª DEL CARMEN	35321281C	12	CALZADO - CONFECCION
235	FERNANDEZ GABARRI JOSUE	09812546X	6	CALZADO - CONFECCION
236	ROSILLO JIMENEZ MARTA	44810621C	6	CALZADO - CONFECCION
237	FERNANDEZ JIMENEZ M ªMONTSERRAT	44830140N	6	CALZADO - CONFECCION
238	ROSILLO HERNANDEZ DIEGO	46294487H	6	CALZADO - CONFECCION
239	LEON MONTOYA Mª CARMEN	32751929K	6	CALZADO - CONFECCION
240 A	FERRO TRASANDE ANTONIO	35449757H	8	CALZADO - CONFECCION
242	ROSILLO FERRERUELA JOSE LUIS	33291381P	5	CALZADO - CONFECCION
243	BERNARDEZ PIÑEIRO ROBERTO	76818073M	6	CALZADO - CONFECCION
244-245	LORENZO LOPEZ MARIA EUGENIA	76864462A	12	CALZADO - CONFECCION
246	RODRIGUEZ SAAVEDRA DAVID	53482234N	6	CALZADO - CONFECCION
247	TEMPORAO&TEMPORAO	W0108647I	6	RESTO-ACTIVIDADES
248	HERNANDEZ JIMENEZ Mª JESUS	09735013X	6	CALZADO - CONFECCION09
252	LOPEZ GARCIA SARA	32617019 Y	6	CALZADO - CONFECCION



255	FERNANDEZ SALAZAR CESAR	11712018G	4	CALZADO – CONFECCION
256	BLANCO RODRIGUEZ GEMMA	76864602M	4	CALZADO – CONFECCION
257	CABREIRA CAMACHO MONTEIRO MAIA JESUS	X4242032G	9	CALZADO – CONFECCION
258	CAMACHO MONTEIRO MAIA RAFAEL	X0555565T	9	CALZADO - CONFECCION
261	ESCUDEIRO JIMENEZ RUBEN	71121437D	6	CALZADO – CONFECCION71
265	DUAL DUAL ADOLFO	46904183F	4	CALZADO-CONFECCION
269	BARRUL BARRUL JAVIER	36170633M	10	CALZADO – CONFECCION
270	FERNANDEZ FERRERUELA SAUL	46293531M	5	CALZADO – CONFECCION
271	FERRERUELA JIMENEZ MARTA	11959406G	6	CALZADO – CONFECCION
272	FERNANDEZ JIMENEZ M ^a DOLORES	33299362P	3	CALZADO - CONFECCION
273	JIMENEZ GONZALEZ M ^a CARMEN	71023011T	6	CALZADO – CONFECCION
275	THIERNO GUEYE MAME	Y1065890S	3	CALZADO – CONFECCION
276	JIMENEZ ROSILLO ISRAEL	53117394K	6	CALZADO - CONFECCION
277	JIMENEZ ROSILLO RAMON	45909161B	3	CALZADO – CONFECCION
279	CAMACHO MONTERO JACOBO	45860006F	6	CALZADO – CONFECCION
280	TORRES LAGO PATRICIA	44078313D	10	CALZADO – CONFECCION
282	CREO MONTEMUIÑO JOSE MANUEL	33240231X	6	CALZADO - CONFECCION
283	CAMACHO MONTERO ANTONIO	45860007P	6	CALZADO - CONFECCION
295-296	FERNANDEZ PIEDRA M ^a DEL CARMEN	35285133M	12	CALZADO - CONFECCION
297	FERREIRO LOPEZ M ^a PILAR	76857812T	8	CALZADO – CONFECCION
299	CASAL VARELA MANUELA RAMONA	33270855K	6	CALZADO - CONFECCION
300	FERNANDEZ FERNANDEZ SAMUEL	44825965T	6	CALZADO - CONFECCION
301	ANTONIA ROSILLO ROSILLO	45688938J	6	CALZADO – CONFECCION
303-302	PADILLA MALES CESAR	X3694616B	9	CALZADO – CONFECCION
305	SALAZAR BERMUDEZ JOSE IGNACIO	70973687B	6	CALZADO – CONFECCION
307	FERNANDEZ JIMENEZ FAUSTINO	33299879L	8	CALZADO – CONFECCION
308	JIMENEZ LOPEZ ANGEL	45957357E	6	CALZADO-CONFECCION
309	FERREIRA VILELA LUIS	X7496266Z	12	MUEBLES
310	JIMENEZ JIMENEZ NEZECTARI	71046751G	6	CALZADO-CONFECCION
312	CABREIRA MONTEIRO MAIA SARA	X4242214W	9	CALZADO – CONFECCION
315-314	DAVILA MARTINEZ DANIEL	53488553Y	12	CALZADO - CONFECCION

SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2021, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2022.

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Ribeira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

TERCEIRO.- Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que



poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

CUARTO.- Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

SÉTIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**14.- LICENZA MUNICIPAL para MOVIMIENTO DE TERRAS (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA).
PROMOTORES: KIBU INMUEBLES S.L.U.**

VISTA a solicitude presentada pola entidade **KIBU INMUEBLES, S.L.U.** de **LICENZA DE OBRAS** para **MOVIMIENTO DE TERRAS**, en parcela con refª catastral nº 15074A938017710000UZ sita no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, nos termos do Proxecto de movemento de terras visado polo ICOIIG de día 31 de xaneiro de 2022, Anexo I ao proxecto de movemento de terras visado polo ICOIIG de día 27 de abril de 2022 ambos redactados polo enxeñeiro industrial D M. Alejandro Reino Río, (col. nº 1.201), así como Anexo II ao proxecto de movemento de terras que consta dun informe sobre a estabilidade dun noiro redactado en



abril de 2022 por enmacosa consultoría técnica, s.a. asinado polo director do laboratorio Samuel Cerqueira Mallo e polos xeólogos Norberto Saiz Ruiz e Daniel Ron Gudín

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes** emitidos polo **técnico municipal de medio ambiente** con sinatura dixital favorable de día 7 de marzo de 2022, **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de día 3 de maio de 2022, técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo de día 3 de maio de 2022, e **secretario xeral da Corporación** de data 5 de maio de 2022, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na seguinte propoosta de acordo.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **KIBU INMUEBLES S.L.U.**, **LICENZA DE OBRAS (Nº 15/22)** para **MOVIMIENTO DE TERRAS**, en parcela con refª catastral nº 15074A938017710000UZ sita no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, nos termos do Proxecto de movemento de terras visado polo ICOIIG de día 31 de xaneiro de 2022, Anexo I ao proxecto de movemento de terras visado polo ICOIIG de día 27 de abril de 2022 ambos redactados polo enxeñeiro industrial D. M. Alejandro Reino Río, (col. nº 1.201), así como Anexo II ao proxecto de movemento de terras que consta dun informe sobre a estabilidade dun noiro redactado en abril de 2022 por enmacosa consultoría técnica, s.a. asinado polo director do laboratorio Samuel Cerqueira Mallo e polos xeólogos Norberto Saiz Ruiz e Daniel Ron Gudín.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construction, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*



- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3.

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000D5BAA00X4G1S0R2C4J6 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p>MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 12/05/2022 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/05/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES -</p>	<p>DOCUMENTO: 20220875434 Fecha: 12/05/2022 Hora: 15:59</p>
---	---	---



seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

15.- SOLICITUDE DE MODIFICADO LICENZA MUNICIPAL Nº 30/20 PARA USO ESPECÍFICO DE TANATORIO E CREMATORIO (PLAN PARCIAL, XARÁS, RIBEIRA). PROMOTORES: POMBAS FÚNEBRES, S.A.

VISTA a solicitude de **MODIFICACIÓN** de **licenza urbanística nº 30/20** presentada pola entidade **POMBAS FÚNEBRES, S.A.**, para construción de edificación de planta baixa, con destino a uso de **tanatorio e crematorio**, no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, en parcela con refª^S catastral nº 15074A93811530000UR, nos termos do Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 4 de marzo de 2022 redactado por D. Álvaro Vidal García (arquitecto col nº 11.178).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como os **informes do arquitecto técnico municipal de data 22 de abril de 2022, técnico municipal de medio ambiente de data 4 de marzo de 2022, técnico de administración xeral** adscrito ó Departamento de Urbanismo de data **26 de abril de 2022** e do **secretario xeral da Corporación** de data **3 de maio de 2022**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, coas observacións que se realizan na seguinte proposta de acordo.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER á entidade **POMBAS FÚNEBRES S.A.** a **MODIFICACIÓN DA LICENZA DE OBRAS Nº 30/20** para **AMPLIACIÓN DE USO DE CREMATORIO**, en instalacións sitas no Polígono Industrial de Xarás, Ribeira, en parcela con refª^S catastral nº 15074A93811530000UR, nos termos do Modificado de Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 4 de marzo de 2022 redactado polo Sr. Álvaro Vidal García (arquitecto col nº 11.178)

SEGUNDO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma



de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Logo de rematar a obra, e antes de iniciar a actividade, presentárase solicitude de **LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN** cos requisitos especificados nos artigos 33 e 24 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, realizando o Concello unha comprobación da correcta execución do solicitado, debendo presentar entre outros:

- *Certificado Final de Obra co preceptivo visado colexial.*
- *Copia de declaración responsable presentada ante a xefatura territorial da consellería competente en materia de sanidade, do integro cumprimento do establecido no Decreto 151/2014 do 20 de novembro de sanidade mortuoria de Galicia.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Informe acústico de medicións ou, de ser o caso, declaración/manifestación da persoa titular da actividade de que a actividade comunicada producirá un nivel sonoro igual o inferior, en calquera horario a 75 dB, ou a 70 dB en caso de que se desenvolva en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente cultural que requira especial protección contra a contaminación acústica (artigo 11.3 do Decreto 106/2015 de 9 de xullo).*
- *Permiso municipal de verteduras, na tramitación do permiso estableceranse as medidas correctoras que sexan necesarias con respecto ao vertido de augas residuais.*
- *Xustificación da xestión efectuada cos RCDs xerados na obra.*

QUINTO.- Con posterioridade á concesión da licenza de primeira utilización, e antes de iniciar a actividade, deberase presentar unha **COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE** segundo o disposto polo artigo 9 do Decreto 144/2016 de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos así como polo artigo 364.2 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia.

SEXTO.- Asimesmo a licenza concedida

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*



- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

16.- BAIXA E ADXUDICACION POSTO DO MERCADO nº 5

VISTO o escrito presentado con data 1 de abril de 2022, rex de entrada nº 6018, por **Dña María Dolores Sanlés González DNI nº 52936087-T** e domicilio a efectos de notificacións en Parada-Xuño, nº 7, 15970, Porto do Son, no que solicita, ante a baixa de D. Guillermo Martínez Sieria (DNI nº 33.282.711-D no posto nº 5 do mercado municipal de Ribeira, a adxudicación do devandito posto, adicado á venda de produtos conxelados, posto no cal leva traballando máis de dez anos, tanto no mercado novo como no antigo.

CONSIDERANDO que o **artigo 32 do Regulamento do Servizo Municipal de Mercados de Abastos Minoristas do Concello de Ribeira** (BOP nº 14, de 20 de xaneiro de 2017) establece que os dereitos que corresponden aos concesionarios dos postos poderán cederse a terceiros, previa aprobación polo mesmo órgano que aprobou a adxudicación da concesión, sempre que estes reúnan as condicións de capacidade esixidas para outorgar orixinariamente a concesión.

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 35** do mesmo corpo regulamentario, antes de autorizar o Concello de Ribeira as cesións a terceiros que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, poderá exercitar o dereito de recuperación da concesión, polo prezo declarado, dentro do prazo quince días naturais, desde a data de comunicación da solicitude de cesión, formulada polos interesados ante o órgano competente para a súa aprobación.

CONSIDERANDO que de acordo co **artigo 36**, aprobada a cesión intervivos do apartado 1-do artigo 32 deste Regulamento, ou a transmisión mortis causa polo Concello, o cesionario anteriormente mencionado e o sucesor hereditario, como requisito previo ao comezo da explotación, deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión ou a transmisión, a cantidade que en concepto de canon estea establecida en cada momento na correspondente ordenanza municipal. No caso de que a cesión autorizada sexa a dos cesionarios que reúnan as características do apartado 2 do artigo 32 deste Regulamento, estes cesionarios deberán ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer. En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

CONSIDERANDO que unha das causas de extinción da concesión é a renuncia expresa e por escrito do titular (**artigo 39**).



A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por delegación da Alcaldía, **ACORDA** por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:-Tomar coñecemento da renuncia de **D. Guillermo Martínez Sieira, DNI nº 33.282.711-D** á titularidade da concesión do **posto de venda nº 5** do mercado municipal e **con efectos 31 de marzo de 2022.**

Segundo:-Transmitir, de acordo co disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado Municipal, a titularidade da concesión do **posto de venda nº 5**, a **Dna María Dolores Sanlés González DNI nº 52936087-T, con efectos de 1 de abril de 2022**, adicado á venda de produtos conxelados,

Terceiro:-Notificar este acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Cuarto:-Requerir a **Dna María Dolores Sanlés González DNI nº 52936087-T, con efecto 1 de abril de 2022**, adicado á para que, ao abeiro do disposto no artigo 32 do Regulamento do Mercado, no prazo de trinta días naturais contados a partir da notificación do acordo polo que se autoriza a cesión, proceda a ingresar nas arcas municipais a cantidade dunha anualidade da taxa municipal correspondente á actividade para exercer.

En caso de falta de pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e no caso do cesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova cesión.

Quinto:-Comunicar este acordo ós Servizos Municipais de Tesourería e Recadación para a súa constancia e efectos oportunos.

17.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RESOLUCIÓN DE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN DE OBRAS POR MOTIVO DE SEGURIDADE, SALUBRIDADE E ORNATO PÚBLICO (OES 1/22).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano incluído nos límites do P.E.R.I. 3.- PALMEIRA, sendo de aplicación a Ordenanza 4ª Solo Urbano Residencial Media Colectiva Agrupada.

REFª CATASTRAL: 3441208NH0134S0001EH.

SITUACIÓN: Rúa Numancia nº 28, Palmeira, Ribeira.

INTERESADO/A - PROPIETARIO/A: Herdeiros da Sra. Concepción Gómez García

INSTRUCTOR/A: Funcionario, Sr. José Martínez de Llano Orosa.

ÓRGANO COMPETENTE PARA A RESOLUCIÓN: A Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2019.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Visto o informe da policía municipal asinado polo xefe da policía local con sinatura dixital de día 21 de xullo de 2021 co seguinte teor literal:

“
(...)

PARTE DE SERVICIO:



Personados en el lugar en c/ Numancia nº 28 en Palmeira comprobamos que lo que se encuentra en peligro de derrumbe es el techo de la vivienda el cual debido a los años de estado de abandono está en muy malas condiciones. En dicho tejado se encuentra una chimenea de considerables dimensiones la cual si podría causar peligro en caso de derrumbe del tejado y caer hacia el exterior de la vivienda. Los vecinos con los que nos entrevistamos nos manifiestan que al parecer se trata de una herencia antigua, desconociéndose quién puede ser el beneficiario de la misma.

(...)

“

2º.- Visto o informe emitido posteriormente polo arquitecto municipal Sr. Martín Cerreda Álvarez realizar visita de inspección con sinatura dixital o dá 25 de xaneiro de 2022 co seguinte tenor literal:

“

(...)

INFORME DE INSPECCIÓN

Exp.: 2022 DISU000001

O xefe de servizo de Urbanismo mandou inspeccionar o estado da edificación sita na rúa Numancia núm.28 Palmeira, despois de recibir denuncia da policía municipal, a través do programa de xestión de expedientes electrónicos SWALL con data 10.01.2022, polo que,

Informo,

1. ANTECEDENTES

Denuncia da policía municipal, parte de servizo núm.806, asinado polo inspector xefe da policía municipal de Ribeira con data 21.07.2021, exp.2021 INFP000182 ((Código único de identificación do documento na sede electrónica do Concello de Ribeira, CSV: 07E5000AFDD500X3S1R3L8E1J8).

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase sobre o resultado da inspección realizada á parcela de referencia con data 24.01.2022 e a súa situación urbanística.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, en adiante LOE

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Inspección da obra

Na visita de inspección, realizada ás 11:00 horas do día 24.01.2022 recolléronse os seguintes datos:

- Referencia catastral da parcela: 3441208NH0134S0001EH
- Non foi posible acceder ao interior do inmovible

Para a realización deste informe solicitouse unha certificación catastral para identificar ao titular catastral da parcela. Na certificación catastral constan os seguintes datos:

- Titular: Herdeiros de Concepción Gomez Garcia
- NIF: 32569776M
- Domicilio fiscal: Avd. Lugo 8, Es:01 Pl:0A, 15702 Santiago de Compostela (A Coruña)



O estado da edificación de referencia apréciase nas seguintes imaxes realizadas durante a inspección:
*(Constan no expediente)

4.2. Deber de uso, conservación e rehabilitación

Na inspección realizada, comprobouse dende o exterior da edificación que, a lo menos, a súa cuberta ten un derrubamento parcial debido ao seu estado de conservación, polo que non conta coas condicións de seguridade legalmente esixibles. De feito o derrube acontecido, foi consecuencia do dito mal estado de conservación do ben. Cos datos que se puideron obter ca visitar exterior ao inmovible, non hai indicios de que o dito inmovible conte con características para a súa declaración como ruína, xa que os danos non exceden da metade do custo da reposición da edificación (ruína económica), nin o edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais (ruína técnica).

Ademais, próximo ao dito derrube parcial da cuberta atópase unha cheminea, da que cos datos recollidos non é posible garantir a súa integridade, podendo orixinar danos a terceiros co seu desprendemento sobre o viario público.

Desta forma, debido ás obrigas dos propietarios de terreos e construcións, segundo o art.332 do RLSG, entendo que procede a comunicación ao órgano competente para que, no seu caso incoe o correspondente expediente de orde de execución. Neste caso, entendo que será preciso requirir á persoa propietaria un proxecto de rehabilitación, cun prazo de tres meses, para que tramite o correspondente título municipal habilitante de natureza urbanística necesario para a realización das obras precisas para o cumprimento do seus deberes segundo o dito artigo do RLSG.

Debido as razóns explicadas con anterioridade é preciso adoptar as seguintes medidas excepcionais de protección nun máximo de tres días:

- Apuntalar a cheminea da vivenda para asegurar a súa estabilidade mentres non se acometan as obras de rehabilitación precisas.
- Colocar unha estrutura de protección para o paso peonil na vía pública ao longo do fronte da edificación, con plataforma metálica superior co paso libre de 3,00 m de largo e 3,00 m de altura, coa estrutura suficiente para soportar a posible caída da cheminea e evitar que a mesma acabe na rúa. Ademais deberán dispoñerse proteccións de polietileno dos elementos que poidan ocasionar enganches aos peóns

5. CONCLUSIÓNS

Polo tanto, á vista das consideracións expostas infórmase que **procede**:

- **Requirir ao responsable da edificación** que adopte as medidas excepcionais de protección definidas no punto 4.2. deste informe, no prazo máximo de tres días
- **Requirir ao órgano competente** que incoe o correspondente expediente de orde de execución, segundo se establece no punto 4.2. deste informe

6. OBSERVACIÓNS

Advírtese que cun inicio das obras sen o correspondente título municipal habilitante de natureza urbanística, procederá comunicar ao órgano competente para que incoe un expediente de reposición da legalidade, nos termos establecidos no art.152 da LSG.

O arquitecto municipal

Martín Cerredá Álvarez
(documento asinado dixitalmente)

(...)
“



3º.- Visto como consecuencia do anterior, o Decreto de alcaldía de data 15 de febreiro de 2022, mediante o que se incoaba expediente de orde de execución (OES1/22) aos Herdeiros da Sra. Concepción Gómez García na súa condición de titulares da edificación sita na Rúa Numancia nº 28, Palmeira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 3441208NH0134S0001EH, co fin de que coa máxima urxencia restitúan as condicións de seguridade, salubridade e ornato público da referida edificación, nos termos do informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Sr. Martín Cerreda Álvarez tras xirar visita de inspección técnica con sinatura dixital o día 25 de xaneiro de 2022.

4º.- Visto en cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, que a notificación do Decreto de inicio do expediente de orde de execución (OES1/22) practicouse á Sra. Mª Jesús Iglesias Gómez o día 18 de febreiro de 2022, emprazándose á interesada para o trámite de audiencia.

5º.- Visto o escrito presentado pola Sra. Mª Jesús Iglesias Gómez rexistrado de entrada o día 25 de marzo de 2022, (Rexistro de entrada nº 5.543), mediante o que pon en coñecemento do Concello de Ribeira da retirada da cheminea da edificación sita na Rúa Numancia nº 28, Palmeira, Ribeira en parcela con refª catastral nº 3441208NH0134S0001EH e obxecto da orde de execución (OES1/22).

6º.- Vista a acta de inspección emitida polo delineante municipal Jaime García Leira con sinatura dixital de día 11 de abril de 2022 co seguinte tenor literal:

“
(...)

ACTA DE INSPECCIÓN

Data da inspección: 04.04.2022

Hora da inspección: 9:30 horas

Referencia Catastral: 3441208NH0134S0001EH

Identificación da/s persoa/s que realiza/n a inspección e subscribe/n a acta: Jaime García

Leyra (delineante municipal)

Datos da persoa presente no momento da visita

Razón social: C.I.F.:

Nome e apelidos: D.N.I.:

Domicilio: C.P.:

Carácter da representación co que intervén:

A inspección realízase en ausencia de persoas encargadas das obras: SI

Fotografías * (Constan no expediente)

7º.- Visto o informe emitido posteriormente polo arquitecto municipal Sr. Martín Cerreda Álvarez con sinatura dixital o día 12 de abril de 2022 co seguinte tenor literal:

“
(...)

INFORME DE ORDE DE EXECUCIÓN

Exp.: 2022 DISU000001

O xefe de servizo de Urbanismo mandou inspeccionar o estado da edificación sita na rúa Numancia núm.28 Palmeira, despois de recibir unha comunicación dunha persoa interesada, a través do programa de xestión de expedientes electrónicos SWALL con data 04.04.2022, polo que,



Informo,

7. ANTECEDENTES

Denuncia da policía municipal, parte de servizo núm.806, asinado polo inspector xefe da policía municipal de Ribeira con data 21.07.2021, exp.2021 INFP000182 ((Código único de identificación do documento na sede electrónica do Concello de Ribeira, CSV: 07E5000AFDD500X3S1R3L8E1J8)

Incóase expediente de orde de execución mediante Decreto do Alcalde con data 15.02.2022 (CSV: 07E6000C902900Q3Z4H4K5P8B1)

Acta de inspección asinada polo delinente municipal con data 11.04.2022. (CSV: 07E6000D13AF00G5S8D1A6Q5H2)

8. OBXECTO DO INFORME

Infórmase sobre as medidas excepcionais de protección requiridas e a situación urbanística do inmovible.

9. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación, en adiante LOE

10. CONSIDERACIÓNS

10.1. Estado actual da edificación

Na acta de inspección realizada polo delinente municipal, pódese comprobar que se retirou a cheminea que podía orixinar danos a terceiros co seu desprendemento sobre o viario público, como indicaba a persoa interesada no escrito que presentou co rexistro de entrada núm.202200005543. Desta forma, coas medidas excepcionais de protección alternativas realizadas, elimínase o perigo inmediato que se advertía no decreto de incoación deste expediente.

10.2. Deber de uso, conservación e rehabilitación

Na nova inspección realizada, comprobouse dende o exterior da edificación que, a lo menos, a súa cuberta continúa tendo un derrubamento parcial debido ao seu estado de conservación, polo que non conta coas condicións de seguridade legalmente esixibles. De feito o derrube acontecido, foi consecuencia do dito mal estado de conservación do ben. Cos datos que se puideron obter das visitas exteriores ao inmovible, non hai indicios de que o dito inmovible conte con características para a súa declaración como ruína, xa que os danos non exceden da metade do custo da reposición da edificación (ruína económica), nin o edificio presenta un esgotamento xeneralizado dos elementos estruturais fundamentais (ruína técnica).

Desta forma, debido ás obrigas dos propietarios de terreos e construcións, segundo o art.332 do RLSG, e unha vez incoado o correspondente expediente de orde de execución, entendo que será preciso continuar coa tramitación do dito expediente e requirir á persoa propietaria un proxecto de rehabilitación, cun prazo de tres meses, para que tramite o correspondente título municipal habilitante de natureza urbanística necesario para a realización das obras precisas para o cumprimento do seus deberes segundo o dito artigo do RLSG.

11. CONCLUSIÓNS

Polo tanto, á vista das consideracións expostas **infórmase que** procede continuar a tramitación deste expediente de orde de execución, coas condicións técnicas establecidas na consideración 4.2 deste informe, se ben se dan por cumpridas as medidas excepcionais de protección como se indica na consideración 4.1 deste informe.



12. OBSERVACIÓNS

Advírtese que cun inicio das obras sen o correspondente título municipal habilitante de natureza urbanística, procederá comunicar ao órgano competente para que incoe un expediente de reposición da legalidade, nos termos establecidos no art.152 da LSG.

O arquitecto municipal

Martín Cerredá Álvarez
(documento asinado dixitalmente)

(...)
“

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela onde se atopa a edificación obxecto da orde execución 1/22 clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO** incluído dentro de los límites do **PERI 3.-, PALMEIRA**, sinala o Plan que as condicións de edificación estarán en función do que establezca o futuro PERI que se redacte, e mentres que éste non se leve a cabo será de aplicación a Ordenanza 4 do Plan Xeral que corresponde a **SOLO URBANO, CONSOLIDADO** con **ORDENANZA 4ª RESIDENCIAL MEDIA, VIVENDA COLECTIVA AGRUPADA**.

SEGUNDO.- Establece o artigo 20.e) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (no sucesivo LSG), dentro dos deberes dos propietarios de solo urbano consolidado, o de conservar e, se é o caso, rehabilitar a edificación, co fin de que esta manteña en todo momento as condicións impostas no artigo 135 da presente Lei.

TERCEIRO.- O artigo 135 da LSG co título deberes de uso, conservación e rehabilitación, dispón no apartado c) que os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles.

CUARTO.- O artigo 136 da LSG establece que os Concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo de audiencia aos interesados, ditarán ordes e execución que obriguen aos propietarios de bens inmobles a, realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior desta Lei.

As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme ás condicións establecidas nesta Lei ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán de fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar.

As obras executaranse á custa dos propietarios se están dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando o supere para obter melloras de interese xeral.

No caso de incumprimento da orde de execución, a administración municipal procedea á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75% do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.



A administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas neste artigo, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que resulta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste.

QUINTO.- O artigo 332 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro co título deberes de uso, conservación e rehabilitación, establece que:

1. Os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán:

a) Empezar a edificación ou rehabilitación nos termos e prazos establecidos na lexislación vixente. O deber de edificar inclúe o deber dos propietarios de rematar as edificacións para cuxa execución obtiveron a preceptiva licenza (artigo 135.1.a) da LSG).

b) Destinalos aos usos que sexan compatibles coa ordenación territorial e urbanística (artigo 135.1.b) da LSG).

c) Conservalos nas condicións legais para servir de soporte aos ditos usos e, en todo caso, nas de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles (artigo 135.1.c) da LSG).

d) Realizar os traballos e as obras necesarias para satisfacer os requisitos básicos da edificación establecidos nas normas legais que lles sexan exixibles en cada momento (artigo 135.1.d) da LSG).

e) Realizar obras adicionais por motivos turísticos ou culturais ou para a mellora da calidade e sustentabilidade do medio urbano (artigo 135.1.e) da LSG).

Estas obras poderán consistir na renovación ou reforma de fachadas ou espazos visibles desde a vía pública, debendo fixar a Administración, de maneira motivada, o nivel de calidade que deba ser alcanzado para cada unha delas.

2. O deber de conservación a cargo dos propietarios alcanza ata o importe correspondente á metade do valor actual de construción dun inmovible de nova planta, equivalente ao orixinal en relación coas características construtivas e a superficie útil, realizado coas condicións necesarias para que a súa ocupación sexa autorizable ou, de ser o caso, quede en condicións de ser destinado legalmente ao uso que lle sexa propio (artigo 135.2 da LSG).

3. As obras executaranse á custa dos propietarios se están dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde, e con cargo aos fondos da entidade que a ordene cando o supere para obter melloras de interese xeral (artigo 136.3 da LSG).

4. Os propietarios de terreos conservarán e manterán o solo natural e, se é o caso, a masa vexetal nas condicións precisas que eviten a erosión e os incendios, impedindo a contaminación da terra, o aire e a auga, e as demais condicións que se determinen na lexislación vixente (artigo 135.3 da LSG).

O cumprimento destes deberes non eximirá das normas adicionais de protección que estableza a normativa aplicable.

SEXTO.- O artigo 333 co título obxecto das ordes de execución establece que os concellos, de oficio ou por instancia de calquera interesado, mediante o correspondente expediente e logo da audiencia dos interesados, ditarán ordes de execución que obriguen os propietarios de bens inmobles a:

a) Realizar as actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados no artigo anterior (artigo 136.1.a) da LSG).

b) Realizar as actuacións necesarias para adaptar as edificacións e construcións ao contorno, segundo o establecido nos artigos 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 216 deste regulamento (artigo 136.1.b) da LSG).

SÉTIMO.- O artigo 334, contido das ordes de execución.



1. As ordes de execución deberán conter a determinación concreta das obras que hai que realizar conforme as condicións establecidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, ou no planeamento urbanístico. Así mesmo, deberán fixar o prazo para o cumprimento voluntario polo propietario do ordenado, que se determinará en razón directa da importancia, volume e complexidade das obras que hai que realizar (artigo 136.2 da LSG).

A súa execución deberá acordarse da forma menos gravosa para a persoa propietaria.

2. As ordes de execución deberán advertir que o seu incumprimento habilita a Administración municipal para:

a) Executar forzosamente a orde incumplida mediante a imposición de multas coercitivas ou execución subsidiaria.

b) Incluír o inmovible no Rexistro de Soares, no caso de terse constituído.

c) Decretar a aplicación do réxime de venda forzosa.

OITAVO.- O artigo 335 establece o procedemento para ditar ordes de execución do seguinte xeito:

1. Con carácter previo á iniciación do procedemento, o órgano competente poderá levar a cabo as actuacións previas necesarias para coñecer as circunstancias do caso concreto e, en función do seu resultado, decidir motivadamente sobre a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

2. Antes de ditar unha orde de execución deberase emitir un informe técnico e xurídico polos servizos municipais e dar audiencia aos interesados.

3. Non se poderá ditar orde de execución sen a autorización previa que resulte preceptiva por razón dos réximes especiais de protección, vinculación ou servidumes legais que afecten o terreo ou inmovible de que se trate, agás no caso das medidas excepcionais de protección necesarias cando exista perigo inmediato de que se poidan producir danos ás persoas ou perigo inminente de derrubamento da edificación.

4. O prazo máximo para ditar e notificar a orde de execución será de seis meses desde o acordo da súa iniciación de oficio ou, no caso de iniciarse por solicitude de persoa interesada, desde a recepción da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

Transcorrido o prazo indicado sen que se notificase resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento iniciado de oficio, sen prexuízo de poder iniciarse un novo procedemento no caso de persistir o obxecto que motivou a tramitación do expediente. Nos procedementos tramitados por solicitude de persoa interesada, o vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución expresa lexítima o interesado ou interesados que deducisen a solicitude para entendela estimada por silencio administrativo.

5. A emisión das ordes de execución non exime da obriga de obter o título habilitante municipal que resulte preceptivo en función da actuación que se teña que desenvolver.

NOVENO.- O artigo 336, co título executividade e execución forzosa das ordes de execución establece que:

1. As ordes de execución son executivas desde o momento en que se ditan. Efectuada a advertencia previa e transcorrido o prazo de execución voluntaria, no caso de persistir o incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa, respectando o principio de proporcionalidade, mediante execución subsidiaria ou mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo.



2. A imposición das multas coercitivas reiterarase ata lograr a completa execución do ordenado, salvo que a Administración competente opte, en calquera momento, pola execución subsidiaria.

3. A Administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas no artigo 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que esta resolta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste (artigo 136.5 da LSG).

A execución subsidiaria será a cargo da persoa obrigada, sen prexuízo do previsto no artigo 332.3, isto é, só no caso de que as actuacións de obrigado cumprimento estivesen dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde. Antes de executar materialmente os actos que fosen ordenados, poderá liquidarse provisionalmente o importe dos gastos, danos e perdas que se teñan que soportar previsiblemente, con vistas á súa liquidación definitiva. Cando a persoa obrigada non satisfaga voluntariamente as cantidades líquidas ás que está obrigada, exixíranse pola vía de constrinximento.

DÉCIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de día 17 de xuño de 2019.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o escrito presentado pola Sra. M^a Jesús Iglesias Gómez en escrito rexistrado de entrada o día 25 de marzo de 2022, (Rexistro de entrada nº 5.543), vista a acta de inspección emitida polo delinante municipal Jaime García Leira con sinatura dixital de día 11 de abril de 2022, visto o informe emitido posteriormente polo arquitecto municipal Sr. Martín Cerreda Álvarez con sinatura dixital o día 12 de abril de 2022, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/05/2022, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Requirit aos Herdeiros da Sra. Concepción Gómez García, na súa condición de titulares da edificación sita na Rúa Numancia nº 28, Palmeira, Ribeira en parcela con ref^a catastral nº 3441208NH013450001EH, debido ás obrigas dos propietarios de terreos e construcións, segundo o art. 332 do RLSG, a presentar un proxecto de rehabilitación, cun prazo de tres meses, para que tramite o correspondente título municipal habilitante de natureza urbanística necesario para a realización das obras precisas para o cumprimento do seus deberes segundo dito artigo do RLSG.

SEGUNDO.- A orde de execución deberá de ser executada no prazo de tres meses a contar dende a notificación da presente resolución, no caso de persistir o incumprimento da orde de execución, a Administración municipal procederá á execución forzosa, respectando o principio de proporcionalidade, mediante execución subsidiaria ou mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente, sen que en ningún caso poidan superar individualmente ou no seu conxunto o 75 % do custo de reposición da edificación ou dunha nova construción con características similares, excluído o valor do solo. A imposición das multas coercitivas reiterarase ata lograr a completa execución do ordenado, salvo que a Administración competente opte, en calquera momento, pola execución subsidiaria.



TERCEIRO.- A Administración municipal tamén poderá acudir á execución subsidiaria, de xeito directo ou a través dun axente edificador con capacidade e compromiso suficiente para asumir as responsabilidades previstas no artigo 136 da LSG, coa obriga de solicitar licenza de obra no prazo de tres meses, contados desde a data na que estea resolta a dispoñibilidade do terreo e tras a correspondente expropiación deste. A execución subsidiaria será a cargo da persoa obrigada, sen prexuízo do previsto no artigo 332.3, isto é, só no caso de que as actuacións de obrigado cumprimento estivesen dentro do límite do deber de conservación que lles corresponde. Antes de executar materialmente os actos que fosen ordenados, poderá liquidarse provisionalmente o importe dos gastos, danos e perdas que se teñan que soportar previsiblemente, con vistas á súa liquidación definitiva. Cando a persoa obrigada non satisfaga voluntariamente as cantidades líquidas ás que está obrigada, exixiranse pola vía de constrinximento.

CUARTO.- O disposto anteriormente exposto, entenderase sin perxucio das responsabilidades penales, civiles e administrativas a que houbera lugar.

QUINTO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendendo como tal aos Herdeiros da Sra. Concepción Gómez García, na súa condición de titulares da edificación, en cumprimento do disposto Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas.

18.- DACIÓN DE CONTA DAS ACTUACIONES DO GRUPO MUNICIPAL DE TEATRO DE RIBEIRA A TRAVÉS DA REDE CULTURAL 2022

Dáse conta á Xunta de Goberno Local, quedando así enteirada do informe emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, María José Sampedro Fernández, de data 03/05/2022, relativo ás actuacións do Grupo Municipal de Teatro de Ribeira a través da Rede Cultural 2022.

19.- DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 160/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO/ADMINISTRATIVO Nº 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 160/2022 remitida polo Xulgado do Contencioso/Administrativo Nº 1 de Santiago de Compostela, de data 28/04/2022, pola que se estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo (Proc. Abreviado 251/2020) presentado por D^a María Teresa Castro Piñeiro, sobre impugnación da resolución do Concello de Ribeira, de 28/01/2021, ditada no expediente RP/12/2019, seguido pola reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola demandante a consecuencia de danos causados na súa vivenda a consecuencia das obras municipais de renovación de servizos e pavimentación, declarando a responsabilidade única e exclusiva de Construcciones Fermín Simal, S.L.



20.- APROBACIÓN DAS BASES DO CONCURSO PÚBLICO PARA A SELECCIÓN DE ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN E DEFENSA DOS ANIMAIS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONVENIO

VISTAS as BASES DO CONCURSO PÚBLICO PARA A SELECCIÓN DE ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN E DEFENSA DOS ANIMAIS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONVENIO

ACREDITADO que a finalidade das mesmas e do convenio que traerá causa redundan en beneficio da veciñanza do Concello de Ribeira,

VISTO o informe favorable do secretario xeral da Corporación de data 5 de maio de 2022, e visto o informe favorable do interventor da Corporación, de data 5 de maio de 2022, e

CONSIDERANDO os artigos 55 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, 4.1.c) da Lei 9/2017 de 8 de setembro, de Contratos do Sector Público, 82, 83 e 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de Galicia e a Lei 50/1999, de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, desenvolvida polo R.D. 287/2002, de 22 de marzo

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, vista a documentación que consta no expediente, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

Primeiro: - Rectificar as bases no epígrafe 14.1 presentación ofertas, onde di: “quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante”
debe dicir:

“quince días, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), dirección electrónica: https://silex.conselleriadefacenda.es/SLE_Internet/”

Segundo: - Aprobar as **BASES DO CONCURSO PÚBLICO PARA A SELECCIÓN DE ENTIDADE OU ASOCIACIÓN DE PROTECCIÓN E DEFENSA DOS ANIMAIS PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE RECOLLIDA, ALOXAMENTO, MANTEMENTO E XESTIÓN DO CENTRO DE RECOLLIDA DE CANS E GATOS NO TERMO MUNICIPAL DE RIBEIRA, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONVENIO**

Terceiro: - Publicar o presente acordo na Sede Electrónica Municipal para xeral coñecemento

Cuarto: - Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.



21.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTOS EN DIRECTO EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Manuela Pérez Pouso

VISTO o escrito presentado por **Manuela Pérez Pouso**, de data 04/05/2022 (Registro de entrada nº 8.539), no que solicita autorización para amenizar o establecemento hostaleiro “**Chiringuito Pedra Pateira**” (Ribeira), cun concerto en directo o día 13 de maio de 2022, en horario de 21:00 h. a 23:00 h., así como o 15 de xullo de 2022, en horario de 21:00 h. a 00:30 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Manuela Pérez Pouso** para o establecemento hostaleiro “**Chiringuito Pedra Pateira**” (Ribeira), cun concerto en directo o día 13 de maio de 2022, en horario de 21:00 h. a 23:00 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso a **representante (Manuela Pérez Pouso)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o*



seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

22.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL EN SEGURIDADE VIARIA PARA PERCORRIDO PROCESIÓN SANTA RITA EN PALMEIRA – Manuela Vila Luaces

Visto o escrito presentado por **Manuela Vila Luaces**, de data 05/05/2022, no que solicita a colaboración municipal coa asistencia da Policía Local e Protección Civil, así como coa instalación de sinalización viaria correspondente, co motivo da celebración da procesión polas Festas de Santa Rita na parroquia de Palmeira; en horario de 17:00 h. a 21:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa colaboración na celebración da procesión polas Festas de Santa Rita na parroquia de Palmeira, coa asistencia da Policía Local e Protección Civil, así como coa instalación de sinalización viaria correspondente para o normal desenvolvemento do citado evento.



23.- AUTORIZACIÓN CONCERTO EN CHIRINGUITO “PALMEIRA BEACH” – Verónica Elena Nogueira Carrera

Visto o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera** en representación do chiringuito “**Palmeira Beach**”, de data 06/05/2022 (Rexistro de entrada nº 8.723), no que solicita autorización para a realización dun concerto no chiringuito “**Palmeira Beach**”, situado na Rúa Esteirón-Praia da Corna (Palmeira), o día 14/05/2022, de 14:00 h. ás 18:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a **Verónica Elena Nogueira Carrera**, en representación do chiringuito “**Palmeira Beach**”, á realización dun concerto no chiringuito “**Palmeira Beach**”, situado na Rúa Esteirón-Praia da Corna (Palmeira), o día 14/05/2022, de 14:00 h. ás 18:00 h.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

24.- AXUDAS Á ESCOLARIZACIÓN (MATERIAL ESCOLAR – R.P.M. (15375)) -CURSO 2021/2022

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 09/05/2022, na que propón a aprobación do abono da contía concedida á beneficiaria R.P.M. (nº rexistro 15375) das axudas de material escolar- Curso 2021/2022.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o do abono da contía concedida (50,00 €) á beneficiaria R.P.M. (nº rexistro 15375) das axudas de material escolar- Curso 2021/2022, según o contido da citada proposta, dando traslado aos servizos económicos municipais para proceder ao seu abono.

25.- PROPOSTA PARA INVERTIR O SENTIDO ÚNICO DE CIRCULACIÓN EN RAMAL DA RÚA FALCOEIRO (AGUIÑO)

Visto o informe con proposta de resolución emitido pola Policía Local, de data 06/05/2022, relativo á inversión do sentido único de circulación nun ramal da rúa Falcoeiro (Aguíño).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar a inversión do sentido único de circulación nun ramal da rúa Falcoeiro (Aguíño), según o sinalado no citado informe policial.

26.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE SINAL DE PROHIBIDO ESTACIONAR – Asesoría Beny García, S.L.

Visto o escrito presentado por **Asesoría Beny García, S.L.**, de data 03/05/2022 (Rexistro de entrada nº 8496), no que solicita a instalación de sinalización vertical de prohibido



estacionar en Urbanización Fontesecca (Castiñeiras).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 06/05/2022, por unanimidade dos presentes **acorda informar** ao solicitante como segue:

A urbanización de referencia carece de vao permanente para a entrada e saída de vehículos. É condición indispensable para a colocación da sinal vertical (R-308) de estacionamiento prohibido a previa sinal de vao permanente (R-308e), polo que deberá solicitarse a preceptiva sinal de vao permanente previamente para poder instalar a sinal vertical (R-308) de estacionamiento prohibido.

27.- AUTORIZACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL (D.J.) EN PARQUE GARCÍA BAYÓN –María Cruz Rodríguez Vázquez

Visto o escrito presentado por María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, de data 10/05/2022 (Rexistro de entrada nº 8.917), no que solicita autorización para a actuación musical (D.J. Matrex) no Parque García Bayón (Ribeira), o día 14/05/2022, de 20:30 h. a 23:30 h. /24:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a María Cruz Rodríguez Vázquez, en representación dos establecementos hostaleiros “O Carballoso”, “Restaurante Airoa” e “O Karallo 29”, a actuación musical (D.J. Matrex) no Parque García Bayón (Ribeira), o día 14/05/2022, de 20:30 h. a 23:30 h. /24:00 h.

28.- AUTORIZACIÓN CONCERTO EN RÚA SANTA UXÍA (RIBEIRA) – Manuel García González

Visto o escrito presentado por Manuel García González, en representación do establecemento hostaleiro Bar “Casa Patrón”, de data 10/05/2022, no que solicita autorización para a realización dun concerto enfronte do establecemento hostaleiro Bar “Casa Patrón”, situado na Rúa Santa Uxía (Ribeira), o día 15/05/2022, de 12:30 h. a 16:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a Manuel García González, en representación do establecemento hostaleiro Bar “Casa Patrón”, a realización dun concerto enfronte do establecemento hostaleiro Bar “Casa Patrón”, situado na Rúa Santa Uxía (Ribeira), o día 15/05/2022, de 12:30 h. a 16:00 h.

29.- AUTORIZACIÓN ACTUACIÓN MUSICAL (D.J.) EN PARQUE GARCÍA BAYÓN –Marta Varela Rodríguez

Visto o escrito presentado por Marta Varela Rodríguez, en representación da Asociación Cultural “R. e I. Cofradía da Dorna”, de data 10/05/2022 (SOLIC0002670), no que solicita autorización para a actuación musical (D.J.) no Parque García Bayón (Ribeira), o día 17/05/2022, de 10:00 h. a 18:00 h.; así como a cesión temporal de 6 valados portátiles de separación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- Autorizar a **Marta Varela Rodríguez**, en representación da Asociación Cultural “**R. e I. Cofradía da Dorna**” a actuación musical (D.J.) no Parque García Bayón (Ribeira), o día 17/05/2022, de 10:00 h. a 18:00 h.
- Autorizar a cesión temporal de 6 valados portátiles de separación para a celebración do evento.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

30.- AUTORIZACIÓN CONCERTO NA PRAZA DE PONTEVEDRA (RIBEIRA) – José María Tercero Paulo

Visto o escrito presentado por **José María Tercero Paulo**, en representación do establecemento hostaleiro Café-Bar “**Retablo**”, de data 10/05/2022 (Rexistro de entrada nº 8.983), no que solicita autorización para a realización dun concerto na Praza de Pontevedra (Ribeira), o día 14/05/2022, de 18:00 h. a 23:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda autorizar** a **José María Tercero Paulo**, en representación do establecemento hostaleiro Café-Bar “**Retablo**”, a realización dun concerto na Praza de Pontevedra (Ribeira), o día 14/05/2022, de 18:00 h. a 23:30 h.

31.- AUTORIZACIÓN PARA CONCERTO EN DIRECTO EN DE LOCAL DE HOSTALERÍA – CAFÉ BAR ENIGMA

VISTO o escrito presentado por José María Tercero Paulo, en representación do establecemento **CAFÉ BAR ENIGMA**, de data 10/05/2022 (Rexistro de entrada nº 8.982), no que solicita permiso para concerto en directo no establecemento hostaleiro Café Bar Enigma, situado na Rúa Manzanares (Ribeira), o día 13 de maio de 2022, de 21:00 h. á 01:00 h.

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **CAFÉ BAR ENIGMA**, para actuacións en directo no establecemento hostaleiro Café Bar Enigma, situado na Rúa Manzanares (Ribeira), o día 13 de maio de 2022, de 21:00 h. á 01:00 h. (Deberán respectarse os horarios marcados á hostalería polas administracións competentes durante a situación de pandemia provocada pola COVID-19).

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor, neste caso o **representante de CAFÉ BAR ENIGMA (José María Tercero Paulo)**, deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:



- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e*



habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:00 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 12/05/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 12/05/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES -

DOCUMENTO: 20220875434

Fecha: 12/05/2022

Hora: 15:59

